

## **Criterios de cualificación e avaliación**

### **Departamento de Lingua Castelá**

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

### **LINGUA CASTELÁ 1º ESO**

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Dita sesión de avaliación realizarase a partir do 22 de xuño de 2024, seguindo as directrices da Consellería de Educación.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Dedicarase a última quincena do mes de xuño á preparación das recuperacións, ao mesmo tempo que se establecerán actividades de reforzo e ampliación para o todo o alumnado.

#### **En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:**

a) Proba/s escrita/s.

b) Traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.

**Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase, como panorama xeral, ponderando un 60% as probas escritas (unha ou dúas en cada avaliación), un 15% o traballo relacionado coa lectura do trimestre e un 25% o traballo diario.**

Nos exercicios que impliquen a elaboración de textos escritos, se terán en conta tanto os aspectos de contido coma os formais (corrección lingüística, ortográfica, etc.)

#### **O alumnado superará a materia en dous supostos:**

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo a partir de 0.75, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo a partir de 0.75.

## **Recuperación**

Para o alumnado que non acadara unha cualificación positiva na avaliación, realizarase unha proba de recuperación á maior brevidade posible.

Despois de calcular a nota media das tres avaliacións, o alumnado que non acade un 4.75, deberá presentarse a unha **proba de recuperación a finais de xuño**. Dita proba, valorada sobre 10 puntos, **contará o 100% da cualificación final**, e estará baseada nos mínimos das unidades didácticas traballadas durante todo o curso. A data e hora desta proba será comunicada con antelación suficiente ao alumnado implicado.

Superará a materia o alumnado que, despois de facer as probas de recuperación, obteña, aplicando previamente o redondeo a partir de 0.75, unha nota igual ou superior a 5 puntos.

## **LINGUA CASTELÁ 2º ESO**

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. Dita sesión de avaliación realizarase a partir do 22 de xuño de 2025, seguindo as directrices da Consellería de Educación.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Dedicarase a última quincena do mes de xuño á preparación das recuperacións, ao mesmo tempo que se establecerán actividades de reforzo e ampliación para o todo o alumnado.

**En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:**

a) Proba/s escrita/s.

b) Taboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, traballos de clase elaboración de proxectos e exposicións.

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase, como panorama xeral, ponderando un 60% as probas escritas (unha ou dúas en cada avaliación), un 20% as actividades de comprensión e expresión escrita/oral, un 10% o control de lectura do trimestre e un 10% o traballo diario. Nos exercicios que impliquen a elaboración de textos escritos, se terán en conta tanto os aspectos de contido coma os formais (corrección lingüística, ortográfica, etc.)

### **O alumnado superará a materia en dous supostos:**

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo a partir de 0.75, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo a partir de 0.75.

### **Recuperación**

Para o alumnado que non acadara unha cualificación positiva na avaliación, realizarase unha proba de recuperación á maior brevidade posible.

Despois de calcular a nota media das tres avaliacións, o alumnado que non acade un 4.75, deberá presentarse a unha **proba de recuperación a finais de xuño**. Dita proba, valorada sobre 10 puntos, contará o 100% da cualificación final, e estará baseada nos mínimos das unidades didácticas traballadas durante todo o curso. A data e hora desta proba será comunicada con antelación suficiente ao alumnado implicado.

Superará a materia o alumnado que, despois de facer as probas de recuperación, obteña, aplicando previamente o redondeo a partir de 0.75, unha nota igual ou superior a 5 puntos

## **LINGUA CASTELÁ 3º ESO**

Os criterios de cualificación poñeranse en coñecemento do alumnado durante o mes de setembro a través da aula virtual de cada nivel educativo e das familias a través da publicación dun resumo da programación didáctica na web do centro, e consistirán en:

Realizaranse polo menos dúas probas escritas por trimestre, que se cualificarán sobre un máximo de 10 puntos cada unha. Nalgunha das dúas probas de cada trimestre incluírase unha pregunta sobre a lectura recomendada, que non terá unha cualificación maior de 2 puntos sobre 10.

**Para a superación da materia será necesario alcanzar unha cualificación mínima de 4 en cada proba escrita.** A cualificación final e as cualificacións trimestrais obedecerá estritamente á media aritmética resultado cada proba escrita. Non terá maior peso específico ningunha avaliación en particular.

Para alcanzar a máxima cualificación en cada proba escrita, cada resposta deberá vir acompañada da corrección lingüística propia de cada un dos niveis (léxico, morfolóxico, sintáctico e ortográfico), así como da presentación formal e claridade expositiva adecuadas.

Poderase incrementar a cualificación final obtida polo alumnado coa valoración positiva que poda supoñer a realización durante o curso das actividades marcadas na clase, a tarefas para facer na casa ou a participación nas correccións dos exercicios, escritos ou orais, durante os períodos lectivos.

As probas escritas que presenten faltas de ortografía, ausencia ou colocación indebida de acentos, erros gramaticais, imprecisións léxicas ou presentación deficiente, verán reducida a súa cualificación final en función do número e da gravidade das faltas cometidas.

Se un alumno/a non se presenta aos exames do trimestre, deberá xustificalo debidamente cun informe médico asinado polos pais ou tutores legais. Propoñeráselle o exame nunha data próxima no tempo na que non interrompa o normal desenvolvemento das clases.

## **Recuperación**

Despois da 1ª e 2ª avaliacións farase unha proba escrita de recuperación, no cal o único instrumento de avaliación será a propia proba. Dita proba escrita será similar aos feitos durante o curso e será puntuado sobre 10.

Recuperará a avaliación o alumnado que obteña unha cualificación igual ou superior a 4.50.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva en ningunha avaliación terá a materia suspensa.

O alumnado que recupere polo menos unha das dúas primeiras avaliacións e aprobe a terceira terá a materia aprobada.

O alumnado que recupere as dúas primeiras avaliacións e suspenda a terceira aprobará a materia se a media do curso é igual ou superior a 4.50.

Teranse en conta os contidos que figuren no currículo oficial para facer unha selección e confeccionar unha proba de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións axustada a eles.

No caso do alumnado con NEAE, a proba estará axustada á ACI que se lle aplicou durante o curso e tamén dito exame será valorado sobre 10.

## LINGUA CASTELÁ 4º ESO

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. A sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial. Esta sesión de avaliación realizarase a partir do 23 de xuño de 2025, seguindo as directrices da Consellería de Educación.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final poderá ser inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª avaliación.

### **Probas escritas: 70%**

Para cada unha das probas escritas, o docente responsabilizase de que o alumnado sexa coñecedor da materia que será obxecto de avaliación, sempre con anterioridade ao exame. Para iso, entregará ou escribirá na pizarra unha lista de contidos, que revisará na aula, de xeito que alumnado poda anotalo na súa axenda ou libreta da materia.

### **Taboas de indicadores 30%: Traballo na aula (15%) e traballo sobre lecturas obrigatorias (15%)**

Para o cálculo de traballo realizado na aula (15%), teranse en conta:

- Actividades realizadas durante o trimestre (táboa de indicadores).
- Os traballos orais ou escritos solicitados durante o trimestre (táboa de indicadores).
- O traballo diario reflectido na libreta do alumno (táboa de indicadores).
- A observación diaria do docente (táboa de indicadores).

### **Lecturas obrigatorias: 15%**

O traballo sobre as lectura obrigatorias avaliarase, segundo as indicacións do profesorado, a través dalgún dos seguintes procedementos:

- Entrega de resúmenes ou comentarios elaborados polo alumno (táboa de indicadores).

- Elaboración dun diario de lectura segundo a instruccións dadas polo docente (táboa de indicadores).
- Proba escrita.

Para superar a materia, haberá de alcanzarse unha nota igual ou maior a 5.00 aplicando o redondeo cara ao número enteiro superior a partir de 0,75.

A nota da avaliación final será o resultado da **media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións** (cualificacións anteriores á aplicación dos respectivos redondeos). Ao resultado desta media aplicaráselle un redondeo cara ao número enteiro superior a partir de 0,75.

O alumnado que non conseguira obter unha nota media numérica igual ou superior a 5, tras aplicar o devandito redondeo, deberá presentarse á proba de recuperación final que se realizará ao final de curso.

### **Recuperación**

Para o alumnado que non acadara unha cualificación positiva na avaliación, realizaráselle unha proba de recuperación na maior brevidade posible.

Despois de calcular a nota media das tres avaliacións, o alumnado que non acade un 4.75, deberá presentarse a unha **proba de recuperación a finais de xuño**. Dita proba, valorada sobre 10 puntos, contará o 100% da cualificación final, e estará baseada nos mínimos das unidades didácticas traballadas durante todo o curso. A data e hora desta proba será comunicada con antelación suficiente ao alumnado implicado.

Superará a materia o alumnado que, despois de facer as probas de recuperación, obteña, aplicando previamente o redondeo a partir de 0.75, unha nota igual ou superior a 5 puntos.

### **ORATORIA 3º ESO**

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha final. Tal e como recolle a *Orde do 3 de maio de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, a sesión de avaliación final deberá realizarse a partir do 22 de xuño de 2025.

### **Avaliacións parciais ordinarias**

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación propostas en cada trimestre e tras a aplicación da ponderación de nota correspondente entre elas.

As porcentaxes da cualificación trimestral quedan da seguinte maneira:

- **Proba escrita:** 20%
- **Táboa de indicadores** para exposicións orais: 50% (realizaranse dúas exposicións orais ao longo de cada trimestre e cada unha suporá o 25% da nota).
- **Táboa de indicadores** para a resolución de actividades de clase e traballo diario: 30 %

Sumados os apartados anteriores redondearase a puntuación resultante: de 0,10 a 0,49 ata o número natural inferior, e de 0,50 a 0,90 ata o superior, para obter a nota do trimestre, por ex.: 5,40 = 5 (SUF.) ou 7,60 = 8 (NOT.).

### **Avaliación final**

Para o cálculo da cualificación final, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. Por exemplo:  $(6,3 + 8,6 + 7,9) / 3 = 7,6 > 8$  (NOT.)

Para superar a materia o alumnado debe ter unha media aritmética dos tres trimestres igual ou superior a 5 puntos. A nota final redondearase a partir de **0,5 puntos**.

No caso de que a media aritmética dos tres trimestres non sexa igual ou superior a 5, o alumnado deberá presentarse a un **exame final** de todo o curso para recuperar a materia. Esta proba terá lugar antes da avaliación final. Dito exame, que constará de dúas partes, suporá o **100% da nota** (véxase Criterios de recuperación).

### **Outros aspectos**

O departamento puntualiza que non ter a exposición lista para o día previsto implicará un aviso ao alumnado e/ou familia, dándolle a oportunidade de realizala ao día seguinte. Non será posible facer a proba máis tarde: a cualificación en devandita proba nese caso será de 0.

### **Recuperación**

O alumnado que suspenda algunha das **avaliacións trimestrais**, terá a posibilidade de recuperar cada unha das avaliacións ao inicio do seguinte trimestre e, no caso de recuperar o 3 trimestre, antes da avaliación final. Para a recuperación de cada avaliación trimestral o alumnado deberá presentarse a:

- **Táboa de indicadores** para exposición oral: 50% da cualificación trimestral . Se o alumnado supera esta parte non ten a obriga de presentarse á parte escrita.

- **Proba escrita:** suporá o 50% da media trimestral.

O alumnado que suspenda na **avaliación final** poderá recuperar a materia se aproba (cunha cualificación igual ou maior a 5,00 puntos) unha proba de recuperación final que consistirá nun exame composto de dúas partes:

- **Proba escrita:** exame escrito de todos os contidos conceptuais traballados ao longo do curso (50% da cualificación).

- **Táboa de indicadores** para exposición oral: realización dunha exposición oral de 5 minutos (50% da cualificación).